

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º ESO

En cada un dos apartados seguintes o alumno terá que demostrar un nivel suficiente para obter o aprobado (nota de 5). Valorarase cada apartado do seguinte modo:

- \* 20% corresponderá á actitude, interese, traballo na clase e traballo voluntario (caderno).
- \* 10% ao control das obras de lectura obrigatoria.
- \* 70% para as probas específicas que valoran os coñecementos tanto de lingua como de literatura, insistindo en que o alumno debe mostrar un dominio equilibrado en ambas materias

Nos exercicios escritos farase especial fincapé na expresión e na ortografía. Consideramos que os cursos de ESO son de aprendizaxe e de dominio da ortografía en todas as súas facetas (ortografía das palabras, acentuación e puntuación), de modo que ao final da etapa (en cuarto de ESO- sexa posible que o alumno alcance a corrección escrita. Por iso, nos cursos de ESO, nas probas escritas, poderán penalizarse con **ata** 0,25 puntos as faltas de ortografía que se cometan en palabras de uso habitual o naquelas que se traballaron en clase dun modo específico, así como de 0,05 por cada erro no uso dos acentos gráficos. O máximo de puntos que se descontará será de 3.

Para obter o aprobado deberanse superar todos os apartados mencionados, sendo necesario para facer media que as cualificacións das probas non sexan inferiores a 3.

\* O alumnado que non asista a unha proba de exame poderá facelo noutra data se presenta xustificación documental desa falta de asistencia. De non xustificala documentalmente, só poderá realizar a proba na data fixada para a recuperación.

\* A aqueles alumnos que copien por calquera método nas probas escritas, estas lles serán anuladas e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas na mesma. Actuarase da mesma forma se son sorprendidos usando o móvil ou calquera instrumento ou material que sexa sospeitoso de estar sendo utilizado paara copiar.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas. Cada docente poderá, ademais, utilizar outros procedementos (recuperacións parciais, traballos...) dos que se informará ao alumnado implicado.